



### EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

#### ÁREA DE CULTURA, PATRIMONIO HISTÓRICO ARTÍSTICO E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

##### Anuncio

RELACIÓN DE SUBVENCIONS DIRECTAS (NOMINATIVAS E EXCEPCIONAIS) TRAMITADAS POLA ÁREA DE CULTURA, PATRIMONIO HISTÓRICO ARTÍSTICO E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA (CULTURA) DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO NO SEGUNDO TRIMESTRE DO ANO 2022.

En cumprimento do establecido nos artigos 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencions, 30 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencions, e 11 da Ordenanza Xeral de Subvencions da Deputación Provincial de Lugo, faise pública a relación de subvencions directas, nominativas e de carácter excepcional, tramitadas pola Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística (Cultura) da Excma. Deputación Provincial de Lugo no segundo trimestre do ano 2022.

Entidade Beneficiaria	NIF	Tipo de Subvención	Finalidade	Aplicación orzamentaria	Importe	Órgano de Aprobación
Concello de Monforte de Lemos	P2703100D	Nominativa	Aportación conservatorios	3240.46200	15.000,00 €	Presidencia
Concello da Pobra do Brollón	P2704700J	Nominativa	Gastos da Escola Municipal de música, danza e artes escénicas Samoeiro	3340.46200	8.000,00 €	Presidencia
Concello de Ribadeo	P2705100B	Nominativa	Ribadeo Indiano	3340.46200	20.000,00 €	Presidencia
Asoc. Socio-Educativa Antonio Gandoy	G27443142	Nominativa	Gastos de funcionamento e actividades	3340.48900	15.000,00 €	Presidencia
Asoc. Juvenil y Cultural Os Turulecas do Incio	G27250927	Nominativa	Danzas da Cervela	3340.48900	3.000,00 €	Presidencia
Fundación Manuel María de Estudos Galegos	G70109379	Nominativa	Gastos de xestión e funcionamento	3340.48900	50.000,00 €	Presidencia
Instituto Estudos Chairegos Pena do Encanto	G27268085	Nominativa	Publicación e Actividades	3340.48900	6.000,00 €	Presidencia

Lugo, 19 de xullo de 2022.- Vº.Bº.O PRESIDENTE, P.D. Decreto de data 26-07-2019 O DEPUTADO DELEGADO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL, Pablo Rivera Capón O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 2074

### ÁREA DE MEDIO RURAL E DO MAR, E MOCIDADE

##### Anuncio

RELACIÓN DE SUBVENCIONS DIRECTAS (NOMINATIVAS E EXCEPCIONAIS) TRAMITADAS POLA ÁREA DE MEDIO RURAL E DO MAR E MOCIDADE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO NO SEGUNDO TRIMESTRE DO ANO 2022

De acordo co establecido no artigo 8.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), a xestión das subvencións realizarase, entre outros, de acordo cos principios de publicidade e transparencia.

En cumprimento do establecido no artigo 30 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS, e no artigo 11.2 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo (publicada no BOP nº 82, do 13 de abril de 2021), dáse publicidade ás subvencións directas (nominativas e excepcionais) tramitadas pola Área de Medio Rural e do Mar e Mocidade da Deputación Provincial de Lugo no segundo trimestre do ano 2022:

ENTIDADE BENEFICIARIA	NIF	TIPO SUBV.	OBXECTO	ÓRGANO CONCEDINTE	DATA RESOLUCIÓN	IMPORTE	APLIC. ORZAM.
Camiña, Asoc. comarcal da Mariña Lucense	G27131275	Nominativa	Medrar dende o lecer	Presidencia	11/04/2022	5.000,00 €	3342.48900
Fundación de Ferias y Exposiciones de Lugo	G27161496	Nominativa	Xuvenlugo anualidade 2022	Presidencia	7/06/2022	15.000,00 €	3342.48900
ALMOGA, Sociedad Coop. Galega	F27430511	Nominativa	Servizos aos asociados	Presidencia	05/04/2022	5.000,00 €	4190.48900
Asoc. CORRIPA	G27506823	Nominativa	Xornadas de desenvolvemento rural	Presidencia	05/04/2022	12.000,00 €	4190.48900
Fundación de Ferias y Exposiciones de Lugo	G27161496	Nominativa	Expolugo "A Rural"	Presidencia	07/06/2022	20.000,00 €	4190.48900
Monte Vecinal en Mano Común de Xunquiñas	V27179035	Excepcional	Reparación e dotación de material do local denominado "A Chabola"	Presidencia	3/06/2022	6.328,30 €	4190.48911
Asoc. As San Lucas	G27438233	Excepcional	Feira de gando cabalar e razas autóctonas "As Quendas"	Presidencia	7/06/2022	2.200,00 €	4190.48911
A Mariña Federación	G27449651	Excepcional	Campaña de lanzamento de "afeira.gal"	Presidencia	17/06/2022	5.000,00 €	4190.48911

Lugo, 18 de xullo de 2022.- O PRESIDENTE, P.D. Decreto do 15 de outubro de 2019, A DEPUTADA DELEGADA DA ÁREA DE MEDIO RURAL E DO MAR, E MOCIDADE, Mónica Freire Rancaño.

R. 2075

## CONCELLOS

### BARREIROS

#### *Anuncio*

No pleno do 18 de xullo de 2022 aprobanse inicialmente o Regulamento de funcionamento da Escola Infantil municipal e a Ordenanza Fiscal reguladora do Prezo Público pola prestación de servizos na Escola Infantil municipal.

Sométese o expediente a información pública por prazo de trinta días hábiles, durante os cales os interesados poderán formular as reclamacións ou suxerencias que se estimen oportunas.

Barreiros, 18 de xullo de 2022.- A alcaldesa, Ana Belén Ermida Igrexas.

R. 2076

## FOZ

*Anuncio*

Por parte deste Concello vaise proceder a aprobación das Bases e Anexos polas que se establecen as normas para seleccionar persoal ao obxecto de integrar as Listas de emprego no Concello de Foz, **para a cobertura temporal das seguintes prazas:**

**1 maquinista conductor**

**1 oficial de obras**

**1 limpiadora**

**Prazo de presentación de instancias:** 5 días hábiles contados a partir do día seguinte ó da publicación deste anuncio no BOP.-

**Requisitos do posto de traballo:** recollidos nas Bases que rexen as convocatorias aprobadas por Resolúcións de Alcaldía de data 19 de Xullo de 2022, a disposición dos interesados no BOP, no taboleiro de anuncios do Concello de Foz, en horario de 9.00 a 14.00 horas, e na páxina web do Concello de Foz ([www.concellodefoz.es](http://www.concellodefoz.es)).-

Máis información: Teléfonos 982.14.00.27

Foz, 19 de xullo de 2022.- O alcalde, Francisco Cajoto Caserío.

R. 2078

## FRIOL

*Anuncio***APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA UTILIZACIÓN DO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA NO SEGUNDO TRIMESTRE DE 2022**

A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 13 de xullo de 2022, prestou aprobación ao Padrón do Prezo Público pola utilización do punto de atención á infancia correspondente ao segundo trimestre de 2022, por un importe total de 6.256,44 €uros.

Segundo o disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de 15 días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poda ser examinado e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulase ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o Sr. Alcalde-Presidente, no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei

Reguladora da referida xurisdición. No entanto, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Inícase así mesmo o procedemento de recadación, séndolles adebedados os correspondentes recibos no respectivo número de conta bancaria

Friol, 19 de xullo de 2022.- O Alcalde, José Ángel Santos Sánchez.

R. 2079

## LUGO

*Anuncio*

A Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o trece de xullo de dous mil vinte e dous, adoptou, entre outros, o acordo 10/414 NOMEAMENTO DE DON PABLO FARIÑA FRANCO COMO FUNCIONARIO DE CARREIRA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, PARA DESEMPEÑAR A PRAZA DE ENCARGADO DO PARQUE MÓBIL, (GRUPO DE TITULACIÓN: GRUPO C (SUBGRUPO C1); ESCALA: ADMINISTRACIÓN ESPECIAL; SUBESCALA: SERVIZOS ESPECIAIS, cuxa parte dispositiva é do teor literal seguinte:

“PRIMEIRO.- Nomear a Don Pablo Fariña Franco, con DNI nº \*\*\*2898\*\* como funcionario de carreira do Excmo. Concello de Lugo, para desempeñar a praza de ENCARGADO/A PARQUE MOBIL, do cadro de persoal funcionario

do Excmo. Concello de Lugo, en quenda libre, (Grupo de titulación: Grupo C (Subgrupo C1); escala: administración especial; subescala: servizos especiais), ocupando o posto Cód. 0901/29.

SEGUNDO.- Notificarlle o acordado ó interesado, coa advertencia que deberá tomar posesión no prazo dun mes a partir da publicación do nomeamento.

TERCEIRO.- Proceder á súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo podense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación do presente acordo.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación do presente acordo, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.”

Lugo, 19 de xullo de 2022.- A Tenenta de Alcaldesa Delegada da Area de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, Mercedes Paula Alvarellos Fondo.

R. 2080

## OUROL

### *Anuncio*

Formulada e rendida a Conta Xeral do orzamento desta entidade correspondente ao exercicio 2021, expónse ao público polo prazo de quince días, xunto cos seus xustificantes e o ditame emitido pola Comisión Especial de Contas o día dezaioito de xullo de dous mil vinte e dous. Durante este prazo os interesados poderán presentar as reclamacións, reparos ou observacións, que serán examinadas por esta Comisión, que practicará cantas comprobacións estime necesarias, emitindo novo informe antes de sometelas á consideración do Pleno do concello para que poidan ser examinadas e, no seu caso, aprobadas de conformidade co disposto no artigo 212, parágrafo 4º, do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Ourol, 18 de xullo de 2022.- O alcalde, José Luis Pajón Camba.

R. 2081

## O PÁRAMO

### *Anuncio*

CONVOCATORIA DE APERTURA DUN NOVO PRAZO PARA A PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES PARA A SELECCIÓN DUN PEÓN DE BRIGADA DE INCENDIOS

Visto o Decreto de Alcaldía de data 22 de xullo de 2022 polo que se resolve o procedemento de selección para a contratación de peóns de brigada e quedando vacante un posto de peón de brigada, procédese á apertura dun novo prazo para a presentación de novas solicitudes.

Postos ofertados: Un peón de brigada

Tipo de contrato: Contrato laboral temporal

Duración: Máximo 3 meses

Sistema selectivo: Concurso - oposición

Lugar de presentación das solicitudes: No rexistro do Concello do Páramo ou por calquera dos medios previstos no art. 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro. Cando as solicitudes se presenten fora do Rexistro do Concello, co fin de axilizar os trámites, deberán remitir comunicación por fax ao concello (982539156) ou ao correo electrónico [cruz.oparamo@eidolocal.es](mailto:cruz.oparamo@eidolocal.es), comunicando a presentación da solicitude, co selo de Correos ou do rexistro correspondente.

Prazo de presentación das solicitudes: cinco días naturais contados a partir do seguinte á publicación deste anuncio no BOP.

As bases completas están expostas na sede electrónica do Concello do Páramo <https://concellodeparamo.sedelectronica.gal>.

---

O Páramo, 22 de xullo de 2022.- O alcalde, José Luis López López

R. 2124

---

## SOBER

### *Anuncio*

Por Resolución de Alcaldía de 19 de xullo de 2022, aprobouse o Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar na modalidade de libre concorrencia ou prestación básica e de dependencia correspondente ao mes de xuño de 2022.

Por medio do presente exponse ao público o devandito padrón polo prazo de 15 días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA) O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Sober, 19 de xullo de 2022.- O Alcalde, Luis Fernández Guitián.

R. 2077

---